



D. Francisco Cajoto Caserio, Alcalde-Presidente do Concello de Foz.

## FAI SABER:

Estando xa próxima a celebración da noite de **San Xoán** (23 de xuño) e **San Pedro** (28 de xuño), na que é tradicional o acendido de innumerables fogueiras, e en prevención dos prexuízos que a persoas e bens públicos ou privados se puideran producir, establécense as seguintes normas ás que deberán axustarse as tradicionais fogueiras para festexar o lume novo:

1ª.- Queda prohibido queimar rodas e cubertas de goma, plásticos ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes, fedorentos ou tóxicos.

2ª.- A queima non poderán facerse e lugares próximos á liña eléctrica, inmobles, zonas Públicas, depósitos que puideran ter material inflamable ou perigoso e naqueles nos que poidan crearse situacións de perigo. E realizarse a unha distancia mínima o suficientemente segura para non afectar a vivendas e zonas arboradas.

3ª.- Non poderá iniciarse a fogueira se as condicións meteorolóxicas dificultan o seu control, especialmente nos días de vento. Así mesmo, se acesa a fogueira aparecera vento, suspenderase inmediatamente e procederase á apagar o lume.

4ª.- Non se abandonará a vixilancia da zona queimada, ata que o lume estea totalmente apagado e non se observasen chamas ou brasas. E contar co material necesario para o seu control

5ª.- O responsable de cada fogueira deberán retirar do lugar todos os restos que queden unha vez rematada a queima.

6ª En caso de incumprimento do indicado, procederase a sufocar de inmediato a fogueira polo Servizo de Extinción de Incendios.

7ª Seguirase en todo momento a normativa e recomendacións en materia sanitaria en relación co COVID-19.

8ª.- As comunicacións da realización das fogueiras faranse no **TLF. 982.133.159. HORARIO 9:30 a 13:00h.**

**O prazo para presentar as anteditas comunicacións neste Concello, remata ás 13:00 horas do vindeiro día 19 de xuño.**

O que se fai público para xeral coñecemento.

Foz, data de sinatura

O ALCALDE



Cod. Validación: A4GPKSHQ7TQMGXJTKI9P5WC66 | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

